




CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03



Aos efectos oportunos comunícolle a resolución do expediente de calificación nº 327 do monte "De Serráns", do lugar de Serráns, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 20 de xuño de 1997:

"Reunido na data 20 de xuño de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expediente nº 327
 Monte: De Serráns
 Lugar: Serráns
 Parroquia: Mazaricos
 Concello: Mazaricos

ANTECEDENTES DE FEITO

1º. Diversos veciños do lugar de Serráns, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos, solicitaron con data 06/03/1995 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 33 Ha.
 Lindeiros:

É parte do monte Aro, nº 103-B do C.U.P.
NORTE: Monte de Mazaricos, seguindo unha liña recta de 190 m. que vai do piquete nº 66 ata o 27, no cruzamento de Cabalo Morto. LESTE: Monte público Santa Mariña, da parroquia de Maroñas, desde o piquete nº 27 ata o 33 seguindo a orde de piquetes, deste último segue 143 m. na dirección sur pola liña de deslinde ata chegar á Pedra da Leira. SUR: Monte de Insua, por unha liña recta de 230 m. trazada desde a Pedra da Leira ata o piquete 53. Con propiedades particulares do lugar de Serráns desde o piquete nº 53 ó 54 e 55. OESTE: Propiedades particulares do lugar de Serráns, desde o piquete nº 55 ó 66 seguindo a orde de piquetes.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 23/05/1995, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Ramón Olano Calleja, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedéuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 247 de 28/12/1995), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

Por xubilación de D. Ramón Olano, o Xurado, na súa reunión de data 09/12/1996, acordou nomear como novo instructor a D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, que tamén aceptou o cargo.

3º. Os veciños de Serráns fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común na orixe foral do citado monte, e en que desde tempos inmemoriais veñen aproveitándolo de forma consuetudinaria en réxime de comunidade sin asinación de cotas, segundo os usos e costumes. Presentan copia de escrituras antigas nas que hai referencia á existencia de tal monte veciñal.

4º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Serráns, parroquia de Mazaricos concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asinación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal de Serráns, parroquia de Mazaricos, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Serráns, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos, o denominado Monte "De Serráns", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña".



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

Contra a presente Resolución poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de Procedemento Administrativo.

A Coruña, 20 de xuño de 1997


Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,

Asdo. Manuel Puente Araújo





DESLINDE TOTAL DEL MONTE
"ARO"

Nº 103-B DEL CATALOGO DE LUP
PARROQUIA DE SAN JUAN DE MAZARICOS
AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS

ESCALA 1:5000

CABIDA TOTAL	167,46 Ha
CABIDA ENCLAVADOS	10,01 Ha
CABIDA PÚBLICA	157,45 Ha

CABIDA ENCLAVADOS

ENCLAVADO A	0,47 Ha
ENCLAVADO B	0,38 Ha
ENCLAVADO C	5,18 Ha
ENCLAVADO D1	3,03 Ha
ENCLAVADO D2	0,95 Ha

MONTE ARO
Nº 103-B DO C.L.U.P.
CONCELLO DE MAZARICOS
CUADRO DE SUPERFICIES (Has)

PERTINENCIA	ELENGO	Sup Total	Sup Enclavados	Sup Pública	Sup Concello
ABELEIRAS	C-21296-3	7,25	3,98	21,50	7,25
PARCELALAGO		25,48			0,00
CONCELLO	C-3126	5,00	5,15	20,25	5,00
CALE ESCURO		25,40			0,00
LEQUINA		12,80			12,80
SERRANS	C-21296-2	38,05	0,85	37,20	37,20
INCLIA	C-21296-1	22,00			22,00
TOTAL		167,46	10,01	157,45	99,75

Datos, suite do 2003

MONTE "ARO"
AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS
LA CORUÑA, ENERO DE 1962
EL INGENIERO OPERADOR

NOTA: Los numeros entre Paréntesis corresponden al Apdo del Monte Santa Marina Nº 103 L del C.U.P.